



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA DEZAITO DE AGOSTO DO ANO DOUS MIL SETE.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as dez horas do día dezaoto de agosto do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión extraordinaria ó existir quórum suficiente ó contar coa asistencia dos seguintes conselleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Benito Vázquez Vázquez.
D. Antonio Estevez González.
Dna. María del Carmen Yáñez Salgado
Dna. María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.

Actúa como Secretaria, a Secretaria accidental da Corporación Dna. María del Carmen Rodríguez Fernández.

Non asiste o concelleiro D. Francisco Veloso González.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: OPERACIÓN DE TESOURERÍA: EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 5/07 CONSISTENTE NUNHA XERACIÓN DE CRÉDITO E Nº 6/07 CONSISTENTE NUN SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

VISTO o vencemento no mes de maio do presente ano da operación de Tesourería concertada con CAIXANOVA por importe de 90.000,00 €.

VISTA a necesidade de proceder á cancelación da citada operación de Tesourería co abono dos intereses de demora dimanantes da mesma, cancelación que non pode demorarse ata o seguinte exercicio

PROPOÑO

Primeiro: Tramita-lo expediente administrativo de modificación de crédito nº 5/2007 no Orzamento Xeral do Concello de Lobios para o exercicio 2007 por importe de cinco mil euros (5.000,00 €).

Segundo: Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de crédito nº 5/2007 no Orzamento Xeral do Concello de Lobios para o exercicio 2007 por importe de cinco mil euros (5.000,00 €) destinados á partida 00-311.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Terceiro: O expediente administrativo de modificación de crédito nº 5/2007 financiarase integramente con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do orzamento para o exercicio 2006, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 19 de abril de 2007.

Cuarto: Para a tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito nº 5/2007 seguiranse as normas establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario se no período de exposición ó público non se presentaran reclamacións.”

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

VISTA a necesidade de contabilizar no orzamento do Concello de Lobios do exercicio 2007 os intereses dimanantes das operacións de crédito a longo prazo concertadas en exercicios anteriores e da operación de tesourería a concertar.

VISTA a insuficiencia do crédito asignado na partida orzamentaria de gastos 00-310 do Orzamento deste Concello para o exercicio 2007 para atender as finalidades sinaladas no parágrafo anterior.

PROPOÑO

Primeiro: Tramita-lo expediente administrativo de modificación de crédito nº 6/2007 no Orzamento Xeral do Concello de Lobios para o exercicio 2007 mediante suplementos de crédito por importe de tres mil seiscientos euros (3.600,00 €).

Segundo: Aprobar provisoriamente o expediente administrativo de modificación de crédito nº 6/2007 no Orzamento Xeral do Concello de Lobios para o exercicio 2007 por importe de tres mil seiscientos euros (3.600,00 €) destinados á partida 00-310.

Terceiro: O expediente administrativo de modificación de crédito nº 6/2007 financiarase integramente con cargo ó remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do orzamento para o exercicio 2006, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 19 de abril de 2007.

Cuarto: Para a tramitación do expediente administrativo de modificación de crédito nº 5/2007 seguiranse as normas establecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario se no período de exposición ó público non se presentaran reclamacións.

Por parte do Sr. Alcalde explícase brevemente a finalidade destes expedientes de modificacións orzamentarias.

Non promovéndose debate por parte dos distintos Grupos Políticos Municipais, sométese as propostas a votación, resultando aprobadas co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

Polo que as presentes propostas resultaron aprobadas por **UNANIMIDADE** dos membros corporativos presentes.

PUNTO SEGUNDO: CESION A ASOCIACION CULTURAL “ SEMPRE GROU “ DA PRIMEIRA PLANTA DO EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA DE GROU

Explica o Sr. Alcalde que o punto 2 soamente é para non perder a subvención de 30.000 €.

O Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, pide ó Sr. Alcalde que explique este punto dicindo a qué planta se refire pois anteriormente xa se cedera a planta baixa deste mesmo edificio para uso dos veciños de Grou, utilizándose incluso para Tanatorio.

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, toma a palabra explicando que a cesión é para non perder a subvención de 30.000 € e que o fai a nome da Asociación “ Sempre Grou “ pois a Asociación de Veciños está a punto de crearse pero que é para calquera das Asociacións, que neste punto están totalmente de acordo para o fin que se pide “ **non perder a subvención** “.

Explica tamén o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, o qué pasou onte no pobo en contra deste punto e incluso contra a súa persoa.

O Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, en nome do seu partido di que votaran favorablemente si é para o fin que se di: USO DA PRIMEIRA PLANTA DURANTE UN ANO, para que non se perda a subvención.

Rematadas as intervencións sométese a proposta de **cesión por un ano o uso da primeira planta do edificio da antiga escola de Grou**, resultando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

Polo que as presentes propostas resultaron aprobadas por **UNANIMIDADE** dos membros corporativos presentes.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as dez horas vinte minutos do día anteriormente sinalado.

O Presidente
Asdo.: José Lamela Bautista

A Secretaria-Interventora
Asdo.: M^a del Carmen Rodríguez Fernández